

SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 28 DE FEBREIRO DE 2019

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:30 minutos do día 28 de febreiro de 2019 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín; D^a Tania Díaz Seijas Dona D^a Pilar Méndez Lombao; D. Jesús Fernández García; D. Antonio López Pérez, D^a María José Martínez Vigo; Dona Luisa Meilán Lombao; D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández; D^a Magdalena Ron Villar e D^a Juana Romero García, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Dona Begoña Seco Varela excusa a súa asistencia.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS O 27 DE DECEMBRO DE 2018 E O DÍA 16 DE XANEIRO DE 2019

O Alcalde propón a aprobación das actas citadas.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación.

Realizada a votación, as actas resultan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE SE PROCEDA A SOLUCIONAR O GRAVE PROBLEMA DE SERVIZOS QUE TEÑEN NA URBANIZACIÓN DE A PALLOZA

O voceiro do grupo municipal do BNG asume a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN PARA QUE SE PROCEDA SOLUCIONAR O GRAVE PROBLEMA DE SERVIZOS QUE TEÑEN NA URBANIZACIÓN DA PALLOZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación que viven os veciños e veciñas da Palloza é completamente surrealista, pois neste momento e a pesares de estar a pagar os impostos municipais, ben sexa o IBI ou o imposto de circulación dos seus vehículos, exactamente igual que o resto de veciñanza do concello, non teñen nin de lonxe os servizos aos que teñen acceso as demais persoas que viven no concello.

Así, por exemplo, no concello de Outeiro cada vivenda que ten persoas empadroadas ten dereito a ter unha luz pública que alumee a pista ou camiño público polo que se accede á esa vivenda e, ademais, tamén ten dereito a que ese camiño público de acceso estea asfaltado ou nunhas condicións cando menos dignas.

Ese dereito comunmente aceptado é válido para todos e cada un dos e das habitantes de Outeiro de Rei. Para todas as persoas agás para aquelas que viven na urbanización da Palloza, persoas que pagan os seus impostos ao igual que o resto pero que pola contra son as únicas persoas do concello que teñen un lamazal (ou unha polvoreira, segundo a época do ano) para acceder ás súas casas, ou as únicas que viven nunhas vivendas nas que non existe ningún tipo de farol público preto das súas vivendas e se queren un alumeado fóra da súa vivenda teñen que pagalo eles, e pagalo sempre con cargo á luz de obra á cal aínda están conectados, pois non teñen acceso a unha electricidade normalizada como as demais persoas do concello.

O da electricidade tamén resulta outro grave problema, pois se as cuestións de potencia e servizo e algo que na gran maioría do concello están superados, isto non ocorre no caso desta urbanización, pois o subministro eléctrico aínda está a ser “de obra”, con gravísimos problemas de potencia e existindo unicamente dous contadores para toda a urbanización, tendo que facer os propios veciños un reparto posterior entre eles para concretar o que ten que pagar cada un.

O mesmo podería dicirse de todos e cada un dos servizos comunitarios que deberían ter e dos cales neste momento carecen ou os teñen dunha forma completamente precaria.

Todos estes servizos estaban deseñados en orixe para un número de vivendas que podía estar, unha vez rematas as tres fases, arredor das 200, servizos que de levarse a cabo a urbanización con normalidade podería ser asumidos sen problema polas persoas que alí ían vivir.

O problema xurdiu cando despois de dar en creba a empresa construtora e propietaria dos terreos, quedaron exclusivamente sobre 22 vivendas para asumir uns servizos deseñados para 200, convertendo a asunción deste custe, arredor do 1,5 millóns de euros, en totalmente inasumible por estas poucas persoas.

Todo isto agravouse aínda moito máis ao descubrirse que o concello non lle esixira ao promotor e construtor os avais bancarios necesarios, sendo estes unha pequena parte dos totais, permitíndolle que o resto de avais foran sobre as propias construcións, cuestión que como é obvio os converteron en “papel mollado” pois unha vez producida a creba estes non serven absolutamente para nada.

Esta cuestión, xunto a evidente e universal responsabilidade sobre as condicións de vida dos seus administrados e que o propio concello asumiu a xestión directa da urbanización hai NOVE anos, en abril de 2010, fai que o Concello de Outeiro estea moi implicado no que aquí está a acontecer e, polo tanto, que teña a obriga moral, e posiblemente legal, de colaborar dun xeito tamén importante na resolución do problema.

É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política do BNG de facer sempre propostas construtivas para mellorar as condicións de vida de todas as persoas do concello, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. O concello de Outeiro de Rei deseñará uns novos proxectos de servizos comúns para as veciñas e veciños da Urbanización da Palloza acordes ao número de vivendas que están neste momento ocupadas ou en condicións de ser ocupadas en breve, priorizando a subministración eléctrica debido aos graves problemas existentes neste momento.

2. O concello de Outeiro de Rei procederá ao asfaltado das rúas da urbanización para mantelas nunhas condición dignas e aceptables, ao igual que o fai co resto de camiños que dan acceso ás vivendas das demais veciñas e veciños de Outeiro.

3. O concello de Outeiro de Rei procederá a instalar de forma urxente un farol de alumeado público en cada casa da Urbanización da Palloza, ou un alumeado xeral das rúas, ao igual que o fai co resto de vivendas do concello onde hai algunha persoa empadroada.

En Outeiro de Rei, a 19 de febreiro de 2018”

Engade que, co que recauda o concello por IBI de estas edificacións, ben podería afrontar as obras que se propoñen na moción. Asemade, recorda que a situación actual radica en que o concello, no seu momento, non pediu a constitución das garantías suficientes para asegurar a execución da urbanización.

Rematada a defensa da moción, toma a palabra a voceira de FLI, quen asegura que a situación que está a vivir A Palloza non ten nome, e que é un reflexo claro da xestión do actual equipo de goberno.

Afirma que o Alcalde mentiu neste pleno sobre este problema, e recórdalle que neste pleno FLI preguntoulle si existía aval para garantir a execución da urbanización e vostede dixo que sí.

Considera que non é xusto que aos veciños da Palloza se lles teña en conta para contribuir, e non para recibir servizos.

O Alcalde asegura que, coma sempre, dende a oposición están a prometer imposibles, especialmente nas proximidades das eleccións, xa que a lexislación é clara sobre como realizar e financiar as obras de urbanización e non se pode enganar a xente neste aspecto.

Informa que, ao igual que en A Palloza, nos anos da crise económica quedaron por España adiante moitas urbanizacións sen rematar, sen que os propietarios puidesen acceder tan sequera as súas propiedades. Pola contra, este Concello, incluso nos límites da legalidade, está a prestar os servizos aos veciños que residen nesa urbanización.

Neste Concello foron dúas as urbanizacións que quedaron nesta situación. Nunha delas (Triaqua), o problema xa foi resolto polo concello coa financiación íntegra dos propietarios.

En relación á xestión de A Palloza, logo de que o promotor abandonara a urbanización, a instancias dos propietarios o Concello cambiou o sistema de actuación polo de Cooperación, iniciando a redacción do proxecto de urbanización. Non obstante, fai uns tres anos aproximadamente, a asociación que agrupa a meirande parte dos veciños de A Palloza, trasladou ao concello que querían xestionar eles a urbanización. Dende ese momento o Concello paralizou a xestión á espera de que a asumiran efectivamente os propietarios.

Pasado o tempo (uns dous anos) a asociación ponse de novo en contacto co concello para comunicar que, por diversos motivos, non son capaces de levar a cabo a xestión por compensación.

Neste intre diríxese ao voceiro do BNG afirmando que é mentira que os servizos estén dimensionados para 200 vivendas. Están dimensionados para 40 ou 45, que son as que permite o Plan Parcial e non para máis, así que rógalle que non enganen.

Tamén recrimínalle que afirme que as obras poden custar uns poucos miles de euros. Eson non se aproxima nin moi remotamente á realidade.

E no que atinxe á capacidade de xestión do concello, recorda que cando o Concello asumiu a urbanización de Triaqua, acadou unha baixa dun 30% sobor os prezos proxectados, baixa que repercutiu directamente sobor os propietarios.

Acto seguido, solicita ao Secretario que informe acerca da viabilidade xurídica de afrontar o que se solicita na moción.

O Secretario informa brevemente que o remate das obras de urbanización nos supostos de actuacións sistemáticas debe abranguer a totalidade das obras de urbanización recollidas no proxecto de urbanización e financiarse íntegramente polos propietarios do ámbito nas cuotas detaxadas no instrumento de equidistribución, sen que sexa posible que o Concello asuma a financiación das obras de urbanización.

Informa, asemade, que o Concello evaluou a posibilidade de dividir o ámbito actual en dous polígonos (un dos cales recollera as parcelas edificadas), se ben esta posibilidade foi desvotada xa que non existía a posibilidade de realizar unha división na que as cargas de ambos polígonos estén equilibradas, tal e coma esixe a lei.

O Alcalde retoma a palabra insistindo que os servizos están dimensionados para 45 vivendas, polo que solicita aos grupos da oposición que non terxiversen a realidade.

O voceiro do grupo municipal do BNG laméntase que descargue nos técnicos a responsabilidade política. A el non lle preocupa e os veciños xa valorarán o que teñen que valorar.

Aclara que o BNG non pide que se urbanice, senón que se tapen as fochancas con rego asfáltico ou se coloquen unhas poucas farolas, coma no resto do concello. E o Secretario do Concello non informou que iso non se poida facer.

Polo tanto, non se explica que non afronte estas actuacións, e máxime cando o concello é responsable da situación lamentable que están a vivir os veciños de A Palloza xa que non esixiu ao promotor os avais que dí a Lei que hai que esixir.

Esta situación está a vivirse dende máis de dez anos, e namentres, o Concello segue a recadar o IBI e IVTM, polo que xa leva recadados máis de 100.000 euros, que serían suficientes para colocar o alumeadado público e máis darle un rego asfáltico ás rúas.

O Alcalde resposta que, durante os máis de trinta anos que leva gobernando o PP neste concello, nunca tiveron que pagar nada por unha mala xestión.

Entende que o Concello cumpriu a Lei sempre, e está claro que existe un problema e que debe resolverse e espera que se logre resolver. O que non pode ser é que agora se gasten 100.000 euros do Concello e, un pouco máis tarde, haxa que desfacer o invertido para executar as obras de urbanización.

O aval non garantiza o remate das obras de urbanización, xa que de ser así non houberan quedado urbanizacións a medio facer por todas partes salvo, claro está, que se pida un aval polo 100% do proxecto, posibilidade que non prevé a Lei.

Finalmente, as dificultades que poden ter algúns veciños en afrontar os custes de urbanización, así coma o feito de que a meirande parte dos veciños votaron a favor de afrontar no seu momento a xestión do sistema, explican o tempo transcurrido, se ben o Concello non vai abandonar a estos veciños.

O Alcalde preguntalle ao Secretario si se pode votar a moción, logo que informase que non é posible que o concello asuma a urbanización do ámbito con cargo a fondos propios.

O Secretario informa que, de adoptarse o acordo, éste sería antixurídico, polo que non debería votarse.

Á vista do informe, o Alcalde anuncia que non se votará a moción.

O voceiro do grupo municipal do BNG solicita que conste en acta a súa máis enérxica protesta por impedir que se vote unha moción de contido político.

O Alcalde pregunta ao Secretario si se comete algunha ilegalidade votando a moción.

O Secretario informa que, si o acordo resultante fose o de que o Concello se compromete xuridicamente a afrontar as actuacións recollidas na moción, entón o acordo sería antixurídico, polo que non debería votarse. Si se entende que a proposta non ten valor xurídico xa que a competencia é de outro órgano, entón o que debe facerse é tratarse coma un rogo, polo que tampouco se vota.

O Alcalde afirma que prefire votar a moción si o Secretario considera que non é claramente ilegal.

O Secretario resposta que si se considera que a moción non ten valor xurídico e da súa aprobación non se extrae obriga xurídica algunha, logo non hai problema en votala.

O Alcalde somete a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con sete votos en contra e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais BNG, FLI e PSdG-PSOE.

3. MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL FLI PARA ESTABLECER UN PLAN DE DESARROLLO DEL POLÍGONO INDUSTRIAL DE OUTEIRO DE REI

A voceira de FLI inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL FORO LUGO INDEPENDIENTE DE OUTEIRO DE REI, PARA SU INCLUSIÓN EN EL ORDEN DEL DÍA DEL PRÓXIMO PLENO DEL AYUNTAMIENTO PARA ESTABLECER UN PLAN DE DESARROLLO PARA LA UBICACIÓN DE EMPRESAS EN EL POLÍGONO INDUSTRIAL DE OUTEIRO DE REY.-.- TODO ELLO AL AMPARO DE LO ESTABLECIDO EN LOS ARTÍCULOS 91.4 Y 97.3 DEL REAL DECRETO 2568/1986 DE 28 DE NOVIEMBRE POR EL QUE SE APRUEBA EL REGLAMENTO DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO Y RÉGIMEN JURÍDICO DE LAS ENTIDADES LOCALES Y DEMÁS NORMATIVAS DE APLICACIÓN.-

DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR Y DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA, portavoz y viceportavoz del FLI en esa Corporación Municipal, de acuerdo con el presente escrito, presentan la siguiente MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Este grupo municipal responsabiliza al actual regidor de este Concello el Sr. Pardo Lombao del nivel de ocupación del polígono industrial de Otero de Rey. Es por todos sabido, que es el polígono de todos los límites que menos ha crecido, prácticamente nada desde su creación en el año 2003 a pesar de su ubicación estratégica, junto a la A-6 y la A-8 y por su proximidad a Lugo. Y, a pesar de que Otero de Rey es uno de los Concellos con más suelo industrial con más de un millón de metros cuadrados, sólo hay una veintena de empresas instaladas en él. Por parte del gobierno local hay una total falta de perspectiva y de un modelo para su desarrollo, que denota una insuficiencia de estrategia industrial, a pesar de que tiene que ser un objetivo prioritario del equipo de gobierno la industria como motor de crecimiento y generadora de empleo, siendo esta la clave para el futuro de nuestro pueblo.

Con motivo de declaraciones efectuadas en diversas ocasiones por parte del Sr. Alcalde sobre la viabilidad del polígono industrial de Otero de Rey y de las facilidades que por parte del Grupo de Gobierno se facilitarían a los empresarios que estuviesen interesados en instalarse en el citado polígono, lo cierto es que empresarios que se interesaron por parcelas hayan montado sus negocios en otros polígonos limítrofes como el de Castro de Rey, siendo su ubicación ni tan buena ni estratégica a nivel de comunicaciones como en nuestro polígono industrial, y lo que es más importante con la consiguiente pérdida para nuestro pueblo de unos mil empleos directos y tres mil indirectos en los últimos años. Lo que nos hace de nuevo planteamos que esta falta de crecimiento se debe por lo tanto a una mala gestión del equipo de gobierno municipal tanto a la hora de realizar captación de empresarios como de que realmente no se les dan las facilidades que pregona el Sr. Alcalde.

Lo cierto es que durante esta legislatura ninguna empresa se ha instalado en el polígono industrial de Otero de Rey como consecuencia de la falta de esfuerzo e interés del Concello para atraer empresas y con ello generar riqueza para los vecinos y vecinas de nuestro pueblo. Es más supuestamente todas aquellas empresas que se interesaron por algunas de las parcelas de titularidad privada existentes en nuestro polígono no llegaron a instalarse por la dificultad que tenían a la hora de obtener la correspondiente licencia municipal, lo que da a entender que se fuerza para que tengan preferencia aquellas parcelas que son de titularidad del Concello, las cuales no tienen ningún tipo de problema a la hora de obtener las preceptivas licencias municipales.

Por lo expuesto, proponemos al Pleno Municipal de Otero de Rey el debate y aprobación de la siguiente moción, proponiendo la adopción de los siguientes ACUERDOS:

1.- Creación de un modelo de desarrollo industrial para este Concello mediante un análisis del polígono industrial de Otero de Rey, de su situación y de sus posibilidades de oferta de parcelas y su operatividad para la captación de empresarios.

2.- Nombrar a alguien del equipo de gobierno como interlocutor para que coordine todos los pasos que deben darse desde que alguien se interesa por una parcela del polígono hasta que instala en él su empresa. Para evitar que problemas burocráticos impidan la llegada de inversores. Y que periódicamente de cuentas a los distintos grupos políticos que forman parte de la corporación municipal, de las distintas gestiones en las correspondientes sesiones plenarios.

3.- Mantener un diálogo continuo con las Federaciones de empresarios de las distintas provincias gallegas para definir cuáles son las necesidades de los posibles empresarios interesados para trasladarse e instalarse en nuestro polígono”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, quen se pregunta porqué o polígono industrial de Castro de Rei está totalmente consolidado mentres que o de Outeiro de Rei, tendo mellores comunicacións, está case baleiro. Cree que tal diferenza non se debe ao prezo ou as trabas burocráticas, senón á confianza. Os empresarios prefiren un polígono que esté peor situado pero que se rixa por políticos serios.

A voceira do PSdG-PSOE anuncia que toda iniciativa que promova o emprego acadara o apoio do seu grupo, e recorda que non pode haber servizos se non hai desenrrolo industrial.

O Alcalde afirma que, coma sempre, están a faltar a verdade, e informa que nos últimos catros anos se instalaram oito empresas no polígono.

O polígono industrial foi promovido polo concello en cooperación con empresarios, e sempre que o algún empresario se interesou por algunha parcela este Alcalde lle facilitou o contacto cos propietarios de solo industrial, xa que o concello non está para facer negocio coa venda de parcelas senón para xestionar o desenrrolo industrial do concello.

Por outra banda, este polígono ten 280.000 m2 de suelo industrial ocupado, o que xa é máis que todo o suelo industrial que ten moitos concellos. Parece despoboado, pero é que o suelo industrial do concello é de 1.300.000 m2. O que non poden pretender é que na época de crise máis profunda, un polígono que está a carón de unha cidade que decrece demográficamente, se ocuparían enseguida 1.300.000 m2.

A existencia de este suelo é un haber que está aquí para o futuro, de xeito que sempre que unha empresa desexe instalarse non tera problemas de suelo.

A voceira de FLI considera que o Alcalde está campaña electoral, xa que nega que este polígono esté de adorno namentres que os polígonos limítrofes están cheos.

Comparte a opinión do voceiro do BNG, segundo o cal o problema é a confianza dos empresarios na política de este concello, e a falla de confianza non se tapa con anuncios enormes nos periódicos, senón que hai que levar unha política non partidista e transparente, e atraer activamente investimentos para o concello. Ese é o problema do noso pobo: a falla de credibilidade en este Alcalde.

O Alcalde nega categóricamente estas afirmacións, e anuncia que, neste intre, hai un grupo de propietarios que está a tramitar unha petición para a regulación urbanística de unha fase máis do polígono, e iso a pesares de que dín que o polígono está de adorno.

A continuación, enumera unha serie de actuacións realizadas durante esta lexislatura a fin de promocionar a consolidación do parque empresarial, destacando a reunión entre o conselleiro de industria e os empresarios, a creación de un viveiro industrial no polígono, diversas reunións informativas cos empresarios, a sinalización das rúas do parque empresarial e colocación de un mapa informativo, creación de unha web informativa do parque empresarial, adhesión ao programa Galicia doing bussiness, que implicou unha sustancial rebaixa tributaria para a creación de novas empresas, a realización de diversos talleres formativos aos emprendedores e empresarios, mellora das conexións viarias (entre LU-115 e a estrada provincial que sae ao CEAO)... etc.

E recorda que este polígono se desenvolveu a instancias dos propietarios e coa colaboración do Concello, sendo, polo tanto, de iniciativa privada o 1.300.000 m², dos cales, insiste, 280.000 m² están, a día de hoxe, están xa ocupados por empresas.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con sete votos en contra e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais BNG, FLI e PSdG-PSOE.

4. MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL FLI PARA QUE SE CONECTEN CÁMARAS DE VIDEOGRAVACIÓN DE VEHÍCULOS

A vicevoceira de FLI inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL FORO LUGO INDEPENDIENTE DE OUTEIRO DE REI, PARA SU INCLUSIÓN EN EL ORDEN DEL DÍA DEL PRÓXIMO PLENO DEL AYUNTAMIENTO PARA QUE SE CONOZCAN CÁMARAS DE VIDEOGRAVACIÓN DE VEHÍCULOS EN LOS ACCESOS DE NÚCLEOS HABITADOS Y QUE SON OBJETO HABITUAL DE ROBOS .-todo ello al amparo de lo establecido en los artículos 91.4 y 97.3 del Real Decreto 2568/1986 de 28 de noviembre por el que se aprueba el reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales y demás normativas de aplicación.

DOÑA MARÍA MAGDALENA RON VILLAR Y DOÑA JUANA ROMERO GARCÍA, portavoz y viceportavoz del FLI en esa Corporación Municipal, de acuerdo con el presente escrito, presentan la siguiente moción

Exposición de motivos:

Con motivo de los diversos robos producidos en este Concello dirigidos a viviendas habitadas y que según se hace eco la prensa son realizados por bandas de malhechores que escogen entre sus objetivos las viviendas situadas en urbanizaciones, y dado que es un tema que causa gran alarma social entre todos los vecinos, si bien no es un tema que afecte únicamente a este concello, por parte de este Grupo Municipal basándose en la experiencia de otros lugares donde proliferan este tipo de urbanizaciones y por lo tanto se producen habituales asaltos a viviendas, solicitamos se instalen videocámaras de grabación de vehículos en puntos de acceso a núcleos poblacionales que sean objeto de este tipo de delitos, todo ello al objeto de la colaboración en la investigación con las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad y merced por lo tanto la gran alarma social creada entre nuestros vecinos que ven como sus hogares son violentados y en algunos casos recientes estando sus moradores en el interior.

Por lo expuesto, proponemos al Pleno Municipal de Otero de Rey el debate y aprobación de la siguiente moción:

Que por parte del Sr. Alcalde de Otero de Rey se proceda a realizar un estudio sobre la Instalación de Cámaras de Videograbación de Vehículos en accesos a urbanizaciones y otros lugares en las que se considere necesario (núcleos con importante densidad de población, polígonos industriales etc), así como a solicitar ante la Autoridad competente las autorizaciones pertinentes para su instalación y por lo tanto encargarse también en su momento de la renovación de las mismas”

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o vicevoceiro do grupo municipal do BNG, quen afirma que o problema exténdese tamén ás empresas e non consiste soamente no asalto, senón tamén no engano e estafa.

Considera que a situación actual ten que ver cos recortes realizados non soamente en sanidade ou educación, senón tamén nas plantillas das forzas e corpos de seguridade.

Agora ben, non consideran axeitada a proposta de instalación de cámaras de videovixilancia que conduzan a unha especie de Gran Hermano que, por outra banda, presenta diversas cuestións xuridicas que non estudaron suficientemente. Por tal motivo, anuncian a súa abstención.

O Alcalde considera que a colocación masiva de cámaras é propio de un Estado policial que non comparte. Engade que é un tema complicado, xa que débese salvaguardar a intimidade das personas e soamente se o plantearía si existise unha petición masiva dos veciños de unha determinada zoa e o recomendasen as forzas e corpos de seguridade coma solución a unha problemática concreta. Polo tanto, e mentres non o pidan masivamente os veciños de unha zoa concreta e non o recomende a Garda Civil, non consideraremos tal opción.

No que se refire aos recortes aos que fixo referencia o concelleiro do BNG Xabier Molinos, recórdalle que o PP chegou ao goberno nunha situación de gravísima crise económica, cun déficit de máis de cenmil millóns de euros anuais, no que se gastaba moitísimo máis do que se ingresaba. Revertir esta situación non require de xustificación algunha, xa que non se trata de recortes, se trata de poder pagar o que se debe.

Polo tanto, mentres non concurran as dúas circunstancias expostas non están dispostos á colocación de cámaras de vixilancia e, polo tanto, non pode apoiar a moción.

A concelleira de FLI, dona Juana Romero, afirma que a proposta é legal xa que o que están a pedir é a colocación de videocámaras que unicamente graban as matrículas dos vehículos. E o piden xa que existe unha verdadeira alarma social, logo dos numerosos atracos que tiveron lugar recentemente.

O Alcalde sabe perfectamente que existen veciños preocupados, pero e difícil ponderar ata qué punto están dispostos á suxeitarse a unha permanente grabacion da intimidade. Por outra banda, este sistema non garante unha seguridade ao 100%, motivo polo cal a valoración non é doada. Insiste que, mentres que non o soliciten os veciños e o recomenden as forzas de seguridade, non se considerará a colocación das videocámaras.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con sete votos en contra, tres abstencions e dous votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal de FLI.

5. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A DEVOLUCIÓN DE CANTIDADES COBRADAS POLA ASISTENCIA A UNHA COMISIÓN IRREGULARMENTE CONSTITUÍDA

O vicevoceiro do grupo municipal do BNG asume a defensa da seguinte moción:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN PARA QUE AS CANTIDADES COBRADAS POLOS MEMBROS DO PP POLA ASISTENCIA ÁS REUNIÓN DUNHA COMISIÓN IRREGULARMENTE CONSTITUÍDA SEXAN DEVOLTOS ÁS ARCAS MUNICIPAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o BNG detectamos que algúns membros do Grupo Municipal do Partido Popular están a cobrar dietas por asistencia a unha comisión creada en exclusiva por membros do seu propio partido.

A creación desta comisión, así como a súa composición tería que ser aprobada polo Pleno da Corporación e isto non figura en ningunha acta do Pleno desta lexislatura, polo que se considera que esta comisión non está legalmente constituída e, polo tanto, non se pode cobrar ningún tipo de dieta pola asistencia a este organismo inexistente, o cal debe ter como consecuencia a devolución daquelas cantidades que foron cobradas ilegalmente por algúns concelleiros e concelleiras.

Ademais de todo isto, segundo o Regulamento Orgánico de Funcionamento, lei de rango superior que regula o funcionamento das entidades locais, esíxese que calquera comisión creada polo Pleno, ben sexa obrigatoria ou opcional, sempre estará formada por representantes de todos os grupos municipais, na proporción que estes teñan no propio Pleno.

Dado que esta norma non se cumpriu nin na “comisión fantasma” desta lexislatura nin tampouco na que se creou na pasada lexislatura 2011-2015, cremos que esta última tamén estaría irregularmente constituída, polo que tamén procede a devolución das cantidades que foron cobradas neses anos, sigan sendo na actualidade concelleiros e concelleiras ou non.

Hai que ter en conta en todo este asunto que o BNG, e cremos que tamén os demais grupos da oposición, non fomos coñecedores da existencia desta comisión ata que comprobamos matematicamente os cobros efectuados polas persoas integrantes do Grupo do PP, dado que en ningún momento se nos comunicou a existencia destas reunións e non se nos pasaron convocatorias ou actas dos “teóricos” acordos que alí se tomaron.

É máis, cando de forma oficial nos diriximos ao concello para poder consultar estas actas e convocatorias, remitíusenos a consualas 16 días despois, tendo que vir a este pleno sen ter aínda acceso a elas. No caso das convocatorias, aínda é peor, dado que xa se nos advertiu que non existían porque se facían de xeito telefónico, curiosamente o único sistema existente do que non queda constancia e, polo tanto, non se poden comprobar.

Todo isto vén a reforzar a posición que sempre mantivo o BNG dende o propio Pleno de Organización, no que xa se advertiu que o Alcalde utilizaba o sistema de dietas para darlles un salario “extra” aos seus concelleiros e concelleiras, cuestión que vendo a súa participación na vida municipal resulta cando menos bastante curiosa.

É por todo o exposto con anterioridade, e sendo completamente inaceptable que se usen os cartos das arcas municipais para este tipo de cuestións, e polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei somete a

debate e aprobación polo Pleno esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Os concelleiros e concelleiras do Partido Popular procederán a devolver de forma inmediata os cartos cobrados polas dietas de asistencia á comisión formada exclusivamente por membros do PP e onde a súa creación e constitución non figura en ningunha acta plenaria, sen que iso impida outro tipo de responsabilidades se fora o caso.

2. Os concelleiros e concelleiras do Partido Popular que tamén estiveron na pasada lexislatura nunha comisión formada exclusivamente por membros do Partido Popular tamén procederán a devolver de forma inmediata os cartos cobrados polas dietas de asistencia a esa comisión por estar ilegalmente constituída, sen que iso impida outro tipo de responsabilidades se fora o caso.

3. O Servizo de Intervención elaborará un informe que será entregado a todos os membros do Pleno onde se detallarán as cantidades cobradas por todos os concelleiros e concelleiras pola asistencia a esta comisión nestas dúas lexislaturas así como das cantidades que foron devoltas por cada persoa.

En Outeiro de Rei, a 21 de febreiro de 2019”

Trala defensa da moción fai uso da palabra a voceira de FLI, quen manifesta o seu asombro ante esta situación que descoñecía e que, de ser certa, sería moi grave e que debe ter as súas consecuencias.

O Alcalde solicita ao Secretario que de lectura ao informe xurídico que emitiu a súa solicitude sobor o texto da presente moción. Dende o punto de vista político, sorpréndese que dende a oposición critiquen que fago o que me ven en gana e, ao mesmo tempo, que me reúno cos meus concelleiros. Afirmo que debe reunirse periódicamente cos concelleiros xa que a complexidade do concello o esixe, e de ahí que no seu momento se crease esta comisión mediante regulamento orgánico.

O Secretario da lectura de extracto do seguinte informe:

“José María Vázquez Pita, Secretario do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das funcións que me atribúe o artigo 92.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, á vista da Moción presentada polo grupo municipal do BNG con data de rexistro de entrada de 22 de febreiro de 2019 e por mandato do sr. Alcalde, emito o seguinte

INFORME XURÍDICO

Sobor a válida creación e constitución da Comisión de Coordinación do Goberno Local e sobor o dereito dos seus membros a percibir dietas pola asistencia as súas sesións.

1.- Sobor a creación da Comisión de Coordinación como órgano complementario

Os municipios, en tanto entidades políticas dotadas de autonomía constitucionalmente garantizada, gozan da potestade de autoorganización (artigo 4.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril).

A potestade de autoorganización municipal non é unha potestade ilimitada, senón que debe cinxirse a súa configuración legal, configuración que se corresponde coa distribución constitucional de competencias en materia de réxime xurídico das Administracións Públicas. Isto é; a lexislación básica compete ao Estado, namentres que as Comunidades Autónomas poderán aprobar lexislación de desenvolvemento en consontes cos seus respectivos estatutos de autonomía.

A configuración legal básica da potestade de autoorganización municipal recóllese no artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, nos seguintes termos:

Artículo 20.

1. La organización municipal responde a las siguientes reglas:

a) El Alcalde, los Tenientes de Alcalde y el Pleno existen en todos los ayuntamientos.

b) La Junta de Gobierno Local existe en todos los municipios con población superior a 5.000 habitantes y en los de menos, cuando así lo disponga su reglamento orgánico o así lo acuerde el Pleno de su ayuntamiento.

c) En los municipios de más de 5.000 habitantes, y en los de menos en que así lo disponga su reglamento orgánico o lo acuerde el Pleno, existirán, si su legislación autonómica no prevé en este ámbito otra forma organizativa, órganos que tengan por objeto el estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del Pleno, así como el seguimiento de la gestión del Alcalde, la Junta de Gobierno Local y los concejales que ostenten delegaciones, sin perjuicio de las competencias de control que corresponden al Pleno. Todos los grupos políticos integrantes de la corporación tendrán derecho a participar en dichos órganos, mediante la presencia de concejales pertenecientes a los mismos en proporción al número de Concejales que tengan en el Pleno.

d) La Comisión Especial de Sugerencias y Reclamaciones existe en los municipios señalados en el título X, y en aquellos otros en que el Pleno así lo acuerde, por el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de sus miembros, o así lo disponga su Reglamento orgánico.

e) La Comisión Especial de Cuentas existe en todos los municipios, de acuerdo con la estructura prevista en el artículo 116.

2. Las leyes de las comunidades autónomas sobre el régimen local podrán establecer una organización municipal complementaria a la prevista en el número anterior.

3. Los propios municipios, en los reglamentos orgánicos, podrán establecer y regular otros órganos complementarios, de conformidad con lo previsto en este artículo y en las leyes de las comunidades autónomas a las que se refiere el número anterior.

Pola súa banda, a Lei de Administración Local de Galicia reconece a potestade de autoorganización das entidades locais no seu artigo 6.

Asemade, no artigo 59.3 regúlanse os requisitos de creación dos órganos complementarios que, básicamente, xa se atopan recollidos na lexislación básica estatal de réxime xurídico das Administracións Públicas (prohibición de duplicidades orgánicas e principios de eficiencia e economía):

3. La creación de los órganos complementarios responderá a los principios de eficacia, economía organizativa y participación ciudadana y exigirá el cumplimiento de los siguientes requisitos:

a) Determinación de su forma de integración en la organización municipal y de su dependencia jerárquica.

b) Delimitación de sus funciones y competencias.

c) Dotación de los créditos precisos para su puesta en marcha y funcionamiento.

4. *No podrán crearse nuevos órganos que supongan duplicación de otros ya existentes si al mismo tiempo no se suprime o restringe debidamente la competencia de éstos.*

Dos artigos transcritos conclúese a posibilidade de que, mediante regulamento orgánico, o Concello cree órganos complementarios.

En cumprimento de tales requisitos, na sesión plenaria celebrada o día 24 de xuño de 2011, aprobouse o Regulamento Orgánico de creación da comisión de coordinación do goberno local.

O inicio do período de información pública marcouno a publicación no BOP de data de 27 de xullo de 2011. Non presentándose alegación ou suxerencia algunha, a aprobación provisional elevouse a definitiva, publicándose o texto íntegro do regulamento no BOP de 7 de setembro de 2011.

Dito regulamento orgánico atópase vixente a día de hoxe, non sendo obxecto de recurso algún.

2. En relación á composición da Comisión de Coordinación

A moción do BNG en dita Comisión deberían estar representados tódolos grupos políticos, citando, a tal fin e con carácter xenérico, o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.

Tal afirmación non pode compartirse, xa que a única previsión normativa existente respecto da necesidade de participación de tódolos grupos políticos é a relativa á composición das comisións informativas.

Non obstante, as comisións informativas defínense como aquelas *que tengan por objeto el estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del Pleno, así como el seguimiento de la gestión del Alcalde, la Junta de Gobierno Local y los concejales que ostenten delegaciones* (artigo 20 Lei 7/1985, de 2 de abril).

Ditas comisións informativas recóllense no artigo 20.1.c da Lei 7/1985, como necesarias nos Concellos de poboación superior aos 5000 habitantes, e potestativas nos de poboación inferior. Agora ben, a diferenza dos órganos complementarios, a súa creación non require de regulamento orgánico (incluso nos Concellos onde non son de existencia preceptiva) senón unicamente de acordo plenario.

A introducción de ditas comisións dentro do título “organización complementaria” recollida no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, nin altera a natureza xurídica de tales comisións contida na Lei 7/1985, de 2 de abril, nin prohibe a creación de outros órganos complementarios diferentes dos previstos en dito Real Decreto, o que sería tanto coma eliminar a potestade de autoorganización municipal e deixar sen efecto a previsión contida no artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Nembargantes, as funcións atribuídas polo regulamento orgánico á comisión de coordinación non é a de control dos órganos de goberno nin a de preparar asuntos do pleno, senón a de coordinar o exercizo das funcións delegadas en órganos unipersonales (concelleiros), xa sexan ditas delegacións resolutivas ou non. Dita función difere da atribuída legalmente á Xunta de Goberno (funcións resolutivas e funcións deliberativas).

Por outra banda, a pertenza á comisión non depende dun acto de nomeamento, senón da atribución previa de unha delegación, polo que o decreto de atribucións de delegacións de 23 de xuño de 2015, determina a pertenza a dita comisión.

3. En relación ao dereito dos concelleiros a percibir a dietas por asistencia ás sesións celebradas por dito órgano

A Carta Europea de Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 establece no seu artigo 7º:

Artículo 7.º Condiciones del ejercicio de las responsabilidades a nivel local.

1. El Estatuto de los representantes locales debe asegurar el libre ejercicio de su mandato.

2. Debe permitir la compensación financiera adecuada a los gastos causados con motivo del ejercicio de su mandato, así como si llega el caso, la compensación financiera de los beneficios perdidos o una remuneración del trabajo desempeñado y la cobertura social correspondiente.

A transposición ao ordeamento interno prodúcese no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, cuxo apartado terceiro dispón:

3. Sólo los miembros de la Corporación que no tengan dedicación exclusiva ni dedicación parcial percibirán asistencias por la concurrencia efectiva a las sesiones de los órganos colegiados de la Corporación de que formen parte, en la cuantía señalada por el pleno de la misma.

No presente caso, tratándose a Comisión de Coordinación de un órgano colexiado legalmente constituído, e fixándose unha contía polo Pleno da Corporación por asistencias a órganos colexiados (sen facer distincións entre eles), as dietas percibidas polos concelleiros por asistencia a este órgano complementario deben calificarse como lexítimas, do mesmo xeito que debe recoñecerse o dereito de ditos concelleiros a percibir tales dietas en virtude da normativa citada.

Sendo axustado a dereito a percepción das dietas e recoñecendo o ordeamento xurídico o dereito a súa percepción, non sería axeitado a dereito a esixencia a ditos concelleiros da súa devolución.

O presente informe emítese respecto da adecuación a dereito da creación e composición da Comisión de Coordinación do Goberno Local así coma sobor o dereito dos seus membros de percibir dietas por asistencias ás sesións, sen prexulgar a xuridicidade de cada un dos actos administrativos nos que se concreta a aplicación do regulamento orgánico nin do exercizo do dereito de percibir dietas por asistencias.

Asínoa dixitalmente ao marxe, O Secretario”.

Trala lectura do informe, o Alcalde conclúe que a percepción das dietas é perfectamente legal, e que a Comisión de Coordinación, creada no Pleno de este concello, constituíuse regularmente, motivo polo cal non procede apoiar a moción.

O vicevoceiro do grupo municipal do BNG considera que a comisión está irregularmente creada, xa que, diga o que diga o informe, o que está claro é que o artigo 125 do ROF esixe que nas Comisións do Pleno deben estar representados tódolos grupos políticos, namentres que a esta comisión soamente pertencen os concelleiros do PP. Por outra banda, o regulamento orgánico do concello non pode estar por riba de un Real Decreto estatal. Asemade, a día de hoxe descoñecen quén compón a comisión, si de tales sesións se levanta ou non acta, se a asiste ou non un funcionario, xa que

solicitaron o acceso ás actas das sesións celebradas por dita comisión fai quince días e aínda agora non tiveron acceso ás mesmas, senón que demoraron o acceso ao remate da presente sesión. Recorda que, coma a muller do César, non soamente hai que ser legal, senón tamén parecelo.

Tamén expresa que, ao seu parecer, esta comisión non ten outra finalidade que a de permitir que os concelleiros do PP cobren un salario encuberto, as agochadas, o que non pode permitirse. Por tales motivos mantén a moción.

A voceira do grupo municipal de FLI pregúntase porqué na sesión constitutiva de xuño de 2015 non se puxo en coñecemento a existencia de esta comisión. Asegura que ten que estudar o asunto, pero que, de infrinxirse a Lei, constituiría un acto de extrema gravidade.

O Alcalde recrimina aos membros da oposición que, por unha parte critiquen que o Alcalde fai o que lle peta sen consultar a ninguén e, por outra, que se reúne en exceso cos restantes membros do equipo de goberno. Remítese ao informe de Secretaría no que atinxe á legalidade da comisión e da súa constitución.

Non é certo que estén a percibir un salario ás agochadas, son reunións das que se levanta sesión, que está legalmente constituída, aprobada no Pleno do Concello e publicada no BOP. Por outra banda, as características de este concello fan necesaria a existencia de este órgano.

Engade que se lles recoñeceu o dereito de acceso, pero éste non pode ser inmediato xa que solicitaron nada menos que o acceso a tódalas actas dos últimos catro anos.

O dereito dos concelleiros a percibir unha contía pola asistencia ás sesións de esta comisión é o mesmo que o dos concelleiros da oposición por asistir a este Pleno.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con sete votos en contra e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais BNG, FLI e PSdG-PSOE.

6. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE REGULACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO TRÁFICO NA N-VI AO SEU PASO POR OUTEIRO DE REI

O voceiro do grupo municipal do PP asume a defensa da seguinte moción:

“MOCIÓN PRESENTADA POR LOS CONCEJALES PERTENECIENTES AL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR, SOBRE LA EJECUCIÓN DE ACTUACIONES DE REGULACION Y DISTRIBUCIÓN DEL TRÁFICO DE LA N-VI A SU PASO POR OUTEIRO DE REI

D. José Pardo Lombao, en calidad de portavoz del grupo municipal del PP, expongo:

El tramo de la N-VI a su paso por el término municipal de Outeiro de Rei es un tramo especialmente transitado, tanto por vehículos de transporte de viajeros como de mercancías.

Por otra parte, la configuración y urbanización actual de este sistema general viario dificulta la cohesión y desarrollo urbanísticos de la Villa de Outeiro de Rei,

motivo por el cual este equipo de Gobierno, desde hace varios años, ha realizado una intensa labor ante el Ministerio de Fomento a fin de obtener los compromisos presupuestarios necesarios para su adecuación a las necesidades del núcleo urbano de Outeiro de Rei.

Fruto de este esfuerzo político y técnico fué la previsión en los Presupuestos Generales del Estado para el ejercicio 2018, de una partida presupuestaria destinada a la construcción de una rotonda en la intersección de la N-VI con la LU-115 así como de un paso de peatones, a fin de facilitar la distribución del tráfico entre la carretera nacional, la carretera autonómica así como cohesión urbana del núcleo de Outeiro de Rei.

De forma inexplicable, la ejecución de este proyecto ha sido ignorada por el actual Gobierno de España, inactividad que no se explica a la vista de la existencia de dotación presupuestaria, de la ratificación de la adecuación técnica de la solución propuesta y del conocimiento cierto de la apremiante necesidad en su ejecución.

Tal desprecio ante las necesidades de los vecinos de Outeiro de Rei, conducen a este grupo municipal del Partido Popular a presentar ante el Pleno del Ayuntamiento la siguiente propuesta de acuerdo:

-El Ayuntamiento de Outeiro de Rei exige al Ministerio de Fomento que ejecute inmediatamente e proyecto de la rotonda en el cruce de la N-VI con la LU-115 y de paso de peatones, presupuestado en el año 2018 debido a la peligrosidad de este cruce y su conveniencia para la regulación de la confluencia del tráfico interurbano de ambas carreteras con el tráfico urbano de la Villa de Outeiro de Rei.

- El Ayuntamiento de Outeiro de Rei pide al Ministerio de Fomento que elabore un proyecto en base al estudio presentado en mayo de 2018 por este Ayuntamiento ante la Dirección General de Carreteras para la urbanización del tramo urbano de la carretera N-VI a su paso por el núcleo de Outeiro de Rei.

- Remítase certificado del acuerdo de aprobación de la presente moción así como copia del estudio técnico al Ministerio de Fomento.”

Trala defensa da moción, toma a palabra a voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen defende a seguinte emenda de substitución:

“Enmienda de Substitución a moción presentada polo Grupo Municipal do PP "SOBRE LA EJECUCIÓN DE ACTUACIONES DE REGULACIÓN Y DISTRIBUCIÓN DEL TRÁFICO DE LA N-VI A SU PASO POR OUTEIRO DE REI

Se propón a substitución do texto recollido nos párrafos 3º, 4º e 5º da Exposición de Motivos, e dos puntos 1 e 2 da parte resolutiva polos seguintes:

Fruto desta necesidade os PGE 2018 presentaban unha partida presupuestaria que tanto Ministerio de Fomento do Goberno de Mariano Rajoy, como o de Pedro Sanchez, non desenvolveron mediante "estudio previo" nin con un proceso de licitación pública. O mesmo tempo os PGE 2019 do PSOE, recentemente rexeitados, incluían unha dotación presupuestaria para este mesmo concepto: "Mejora Seguridad Vial Glorieta en el P.K. 513,67 de la N-VI T.M. Outeiro de Rei".

Polo tanto, ante a concordancia na necesidade de acometer estas me/loras para favorecer a seguridade vial dos veciños e veciñas de Outeiro e co mellar afán constructivo, propoñemos os seguintes acordos :

1. O Pleno do Concello de Outeiro de Rei pide o Ministerio de Fomento que se execute o proxecto da rotonda no cruce da N-VI con a LU-115, recollido tanto nos PGE 2018, coma na proposta de PGE 2019. Os grupos que conforman o Pleno do Concello entendemos que é necesaria e urxente para solventar a perigosidade deste cruce e garantir a seguridade dos veciños e veciñas de Outeiro.

2. O Concello de Outeiro de Rei pide o Ministerio de Fomento que elabore un proxecto para a urbanización e humanización do tramo urbano da estrada N-VI o seu paso polo núcleo de Outeiro de Rei, devolvendo a unidade o trazado urbán da forma máis axeitada, sostible e racional”.

O voceiro do grupo municipal do PP anuncia o rexeitamento da emenda presentada polo PSOE por varios motivos, entre outros, porque existe un incumprimento claro, xa que habendo unha partida orzamentaria, esta non se executou, e porque nun asunto de tanta importancia para o concello debemos ser esixentes.

E recórdalle que o Ministerio non é do PP nin do PSOE, senón do Estado, xa que as obras non as vai a pagar o PSOE, senón tódolos cidadáns.

A voceira do PSdG-PSOE, expresa que é necesario o tramo especialmente para os peóns, se ben considera que esta moción non ten moito recorrido xa que estamos preto de unhas eleccións e é unha moción claramente oportunista. Dálle igual que Goberne o PP ou o PSOE, o que é importante é que se faga a obra como sexa, xa que esta situación a estamos a sufrir dende fai moitos anos.

O voceiro do BNG recorda que en Setembro de 2015 o BNG trouxo a este Pleno unha moción onde solicitaba á retirada do proxecto de delimitación e urbanización de polígonos urbanos da Vila de Outeiro e que, no seu segundo punto, propoñía acordar solicitar ao Ministerio de Fomento a transferencia, previa urbanización, da travesía urbana. Esta moción foi rexeitada cos votos do PP.

En Outubro de 2015 o BNG trouxo a este Pleno a “moción relativa á instalación de pasos de peóns na N-VI ao seu paso pola Vila de Outeiro”, onde tamén se instaba ao Ministerio de Fomento a instalación de dous pasos de peóns ou calquer outra solución que os técnicos considerasen oportuno para darlle seguridade ao cruce da N-VI. Esta moción foi rexeitada cos votos do PP.

En outubro de 2016, o BNG trouxo a este Pleno unha moción na que se instaba ao Ministerio de Fomento unha sinalización que permitise o acceso á N-VI dende a Igrexa de Robra.

Por último, o BNG trouxo ao último Pleno unha moción para que se instase ao Ministerio de Fomento a transferencia ao Concello do tramo da N-VI unha vez urbanizada e dotada de tódalas medidas de seguridade para peóns e vehículos. Esta moción foi rexeitada cos votos do PP.

Polo tanto, o BNG alédase moitísimo de que o PP mudara de opinión neste punto e esté disposto a amañar esta débeda histórica e situación lamentable e inédita en toda a N-VI dende Coruña a Lugo. Pero agora hai que facelo e, para iso, contará co apoio do BNG. Non obstante, isto debería haberse feito moito antes, xa que a situación non ten nome. É impresentable.

Denuncia que, habendo unha memoria ou proxecto para amañar a N-VI, e habendo pedido o BNG fai varios días o acceso ao mesmo, se outorgara o acceso precisamente para despois do presente Pleno, o que ten unha intencionalidade clara de

entorpecer o debate democrático. Advirte ao Alcalde que, con este xeito de actuar non nos vai amansar. Ao contrario.

Remata preguntando si o proxecto prevé a construción das vías de servizo en cada sentido da circulación da N-VI ou non.

A voceira de FLI considera que a moción é unha copia das ideas e mocións da oposición e que previamente rexeitou e unha proba clara de que o equipo de Goberno non ten un proxecto propio para Outeiro de Rei. Aínda así, a FLI apoiará a moción, xa que o realmente importante é satisfacer as demandas e necesidades dos veciños e veciñas de Outeiro de Rei.

O voceiro do PP informa ao voceiro do BNG que si a concelleira do PSdG-PSOE accedeu ao proxecto é porque figuraba no expediente do Pleno e se preocupou por acceder a él, do mesmo xeito que puideron facer os concelleiros do BNG e non fixeron.

Recorda que ao longo de estos anos gobernaron moitos Gobernos, tanto do PSOE como do BNG, así que responsabilidade a teñen todos.

Informa que a fanxa de 28 metros dende o eixo non foi unha decisión municipal, senón unha imposición dos técnicos do Ministerio de Fomento na formulación das Normas Subsidiarias de Planeamento aló polo ano 1992, polo que si non se adoptaba tal fanxa de protección, non se podía aprobar o plan urbanístico.

Nesta fanxa poden realizarse varias actuacións de urbanización, con ou sen vías de servizo, pero en calquer caso coa imprescindible aprobación do Ministerio. Polo tanto, podemos pedir o que se non ocorra, pero sin non temos o informe favorable dos técnicos do Ministerio, estamos a perder o tempo.

A solución que propoñemos consiste nun estudo redactado por un técnico do propio Ministerio, polo que entendemos que é viable e, polo tanto, o entregamos no Ministerio en Madrid solicitando que o levase a cabo e o traemos a este Pleno para fomentar a súa execución.

No que se refire á rotonda, que consta de un proxecto redactado, aprobado e de partida orzamentaria, non se explica que o Ministerio non a execute, xa que mañá mesmo podería estarse a obrar nela e, se non se fai, é porque non existe vontade política para elo no actual Goberno do Estado.

A voceira do PSdG-PSOE considera que, sexa quen sexa a cor política do Goberno, é importantísimo que se executen as obras, e que é unha mágoa que se leven tantos anos nesta situación.

O Alcalde recalca que, a día de hoxe, estamos todos de acordo en que obra hai que facer, así que non debería ter problema.

O voceiro do BNG alédase de que por fin o Alcalde propoña a realización de estas actuacións que o BNG leva propoñeno dende fai anos e unicamente lamenta de que non se fixera antes.

Engade que cando o BNG solicita a transferencia da travesía o fai porque, se ben ten certo custe perfectamente asumible, elo permitiríalle ao Concello regular esta fanxa e eliminar a fanxa de 28 metros a cada lado (56 metros en total) o que non pode facer a día de hoxe.

Remata afirmando que, seña cal seña o Goberno de Madrid, a Lugo sempre a tratan como de segunda división. Si o problema que hai en Outeiro existise noutras provincias do Estado, fai moito que estaría amañado.

O Alcalde resposta que non trouxo esta moción ao Pleno nin apoiou as que se presentaron mentres que non tivese algo que lle permitise afirmar que se propón se poida facer. E isto tense agora con este estudo e non se tivo antes. Outra cousa será acadar o financiamento, xa que é unha obra moi custosa.

O que non comparte é a transferencia da travesía, xa que leva unha carga económica moi importante para o concello, e insiste en que, calquer modificación urbanística que afecte á fanxa delimitada necesitará o informe favorable do Ministerio.

Remata facendo fincapé na importancia de levar a cabo este proxecto para Outeiro de Rei polo que solicita o apoio á moción.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

7. ROGOS E PREGUNTAS

A continuación, o Alcalde reconvirte en rogo o seguinte escrito presentado polo grupo municipal do PSdG-PSOE con data de 25 de febreiro, cando xa estaba asinada a convocatoria da sesión:

“MOCION DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A INICIAR O EXPEDIENTE DE DECLARACION DE RUINA DA GRANXA SITA NA PARROQUIA DE SOBRADA

Dona María Luisa Meilán Lombao, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, presenta diante do pleno da Corporación esta MOCIÓN en base a seguinte exposición de motivos:

Na parroquia de Sobrada, a beira da estrada LU-115 de Outeiro a Castro e a menos de 500 metros das casas da veciñanza, atópase unha granxa en estado ruinoso con restos da cuberta de uralita esparcidos polo chan, un material de construción con1posto habitualmente por unha mezcla de cemento reforzado con fibras orgánicas, minerais e fibras sintéticas. Ata ano 2002 utilizábase o amianto coma fibra de reforzo mentres non se descubriu que provocaba cáncer e unha enfermidade coñecida como asbestosis, polo que foi prohibido o seu uso nos distintos países.

O fibrocemento por si mesmo non e perigoso, o risco son as fibras microscópicas de amianto polo que súa presenza non entraña perigo, agora ben, si se rompe ou se degrada polo paso do tempo, empeza a soltar unha especie de microagullas, que ao respiralas crávanse no aparato respiratorio e especialmente nos bronquios e alveolos, ao voar co aire que respiran os que traballen ou vivan no entorno.

MOCIÓN

Insto ao Concello a iniciar o expediente de declaración de ruina desta granxa abandonada e no seu caso a correspondente orde de execución de obras en aras a garantir as condicións de seguridade e salubridade e mesmo ornato público en base ao artigo 141 da leí 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia”.

O Alcalde afirma que se levarán a cabo as actuacións legalmente esixibles segundo a lexislación urbanística, e recorda que debemos ser cautelosos neste punto, xa que a actuación pode conlevar uns custes económicos moi elevados.

A voceira do PSdG-PSOE afirma ten en conta que o custe económico é moi elevado, e por iso debe priorizarse a eliminación do foco de contaminación (amianto) e que supón un risco para a saúde pública.

A continuación, o Secretario da lectura en viva voz do seguinte escrito de preguntas:

“DOÑA MARIA MAGDALENA RON VILIAR y DOÑA .JUANA ROMERO GARCÍA. en su condición de concejales del Grupo Municipal Foro Lugo ndependiente, con motivo de la convocatoria del pleno ordinario a celebrar el día 28 de Febrero de 2019 en el Ayuntamiento de Otero de Rey EXPONEN

Que con motivo de declaraciones efectuadas en diversas ocasiones por parte del Sr. Alcalde del Concello sobre la viabilidad del polígono industrial de Otero de Rey y de las facilidades que por parte del Grupo de Gobierno se facilitarían a los empresarios que estuviesen interesados en instalarse en el citado polígono es por lo que se formulan las siguientes preguntas:

1 " Cuántas empresas a la largo de esta legislatura gobernada por el Partido Popular se han instalado en este polígono industrial.

2" Cuántas empresas que desean instalarse en el polígono industrial están pendientes de la Licencia Municipal”.

O Alcalde sorpréndese de que FLI presente este escrito de preguntas cando neste mesmo Pleno tratouse unha moción con exactamente este contido.

Resposta que nesta lexislatura instaláronse sobre oito empresas no polígono empresarial, e se ben nestre intre non dispón dos datos relativos ao número de licenzas en tramitación, deben ser dúas ou tres. Ditos expedientes non están paralizados, senón que estamos á espera de que os promotores aporten a documentación requerida.

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte PREGUNTA REFERIDA Á GARANTÍA DAS OBRAS DO PARQUE INFANTIL DA RÚA ARROIO PIÑEIRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Decreto da Xunta 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís no seu Capítulo IV, que fai referencia as obrigas dos titulares de parques infantís, e máis en concreto no artigo 14o (mantemento e conservación), di: " Os titulares dos parques infantís serán responsables do seu mantemento e conservación, debendo realizar inspeccións e revisións anuais por técnicos competentes e con formación acreditada. En todo caso, será de aplicación a Norma UNE-EN 1176-7:1998 na que se definen os requisitos para a instalación, inspección, mantemento e utilización."

E unha obriga de calquera Administración Pública velar pola seguridade dos seus cidadáns, así como poñer todos os medios necesarios para evitar que se produza calquera tipo de accidente. E máis, de non poñer estes medios ou non acometer as actuacións necesarias, a responsabilidade de calquera accidente, no caso de producirse, recaería sobre as persoas que podendo actuar para evitalo, non o fixeron.

Pois ben, no nadal fixéronse obras de remodelación no parque da Rúa Arroio Piñeiro e ao pouco apareceron irregularidades no chan e hai un mes puxéronse unhas simples cintas de plástico que parecen convidar a non pasar nesas áreas onde o novo chan presenta múltiples defectos.

E; por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde da seguinte pregunta:

-A que espera o Concello para subsanar todos os defectos que apareceron para evitar posíbeis accidentes?

- Todo contrato de obra ten un prazo de garantía, no que o contratante pode esixir que a obra quede perfectamente executada. O Concello ten executada dita garantía?"

O Alcalde afirma que nese parque non está esgotada a garantía, e o contratista ten que reparar os danos advertidos, pero o contratista dixo que había que esperar a que viñese o bo tempo.

A continuación o Secretario da lectura en viva voz aos seguintes rogos:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte ROGO REFERIDO Á CONSOLIDACIÓN, RESTAURACIÓN E POSTA EN VALOR DOS RESTOS DA ANTENA NAZI EXISTENTE NO NOSO CONCELLO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Franco, tras a Guerra Civil, concedeu a Hitler a posibilidade de instalar varias bases de radionavegación en chan español, para facilitar o seguimento da súa frota de barcos e U-Boats e aos seus avións no Atlántico Norte e no Golfo de Biscaia.

Desta forma é como na gran contenda mundial, Outeiro de Rei e a súa contorna pasan a ter unha grande importancia estratéxica. Aquí estaban situados varios cuarteis do Exército español (no que é o actual cárcere), para dar servizo ao aeródromo de Rozas construído nesas datas. Ao mesmo tempo levántanse as coñecidas como Torres de Arneiro (Abadín, Cospito) e aquí outra antena, quedando algúns restos da súa presenza na estrada que serve de conexión entre a LU-115 e a LU-P 3906 (43º 6´43" N, e 7º 35´12", W).

Estas antenas foron fabricadas polos nazis do III Reich, traídas en pezas, en camións desde Alemaña ata Lugo. Foron fabricadas nos talleres da prestixiosa firma xermana Telefunken e montadas no ano 1940. Estas antenas funcionaban cun sistema de última tecnoloxía, precedente do actual GPS, denominado Elektra-Sonne, que logo foi reutilizado e rebautizado polo exército británico co nome de sistema Consol.

E como consideramos que o noso Concello debe ser quen de pór en valor ditos restos materiais, o cal sería unha actuación exemplar desde o punto de vista de respecto ao noso pasado e ao noso patrimonio, á vez que sería un punto de atractivo turístico máis.

E tendo en conta o que di a Constitución Española, art.46 "Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade".

Por todo iso, facemos o seguinte rogo:

Para que o Concello de Outeiro de Rei acorde proceder á consolidación, restauración e posta en valor de dita infraestrutura, onde se ofrecerá información aos visitantes sobre este singular patrimonio industrial, destinado a fins bélicos durante a Segunda Guerra Mundial”.

O Alcalde considera que é boa idea por en valor ditas edificacións con ocasión do desenvolvemento do parque empresarial, aínda que é de propiedade privada coas dificultades que isto pode supor, xa que debemos ser prudente nas intervencións sobre a propiedade privada. Comenta a sorpresa que lle produce que dende o BNG pretendan conservar testemuñas Nazis, e afirma que o PP non mira atrás tan insistentemente senón adiante, carón o futuro.

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte

ROGO REFERIDO Á CONSOLIDACIÓN, RESTAURACIÓN E POSTA EN VALOR DOS RESTOS DA ANTENA NAZI EXISTENTE NO NOSO CONCELLO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os irmáns Aurelio e Victorino Díaz Hortas foron dous veciños de Outeiro de Rei que fuxiron de España a fins dos anos 30 e que viviron os horrores dos campos de concentración nazis, de feito Victorino morreu aos poucos meses de pisar Mauthausen. Aurelio, porén, sobreviviu e foi liberado en 1945 e, sen apenas contar nada de todo o que sufriu, viviu ata os 101 anos.

As súas historias foron recuperadas pola Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) e homenaxeados o pasado 10 de xaneiro na cidade de Lugo, nun acto centrado na figura de Francesc Boix, máis coñecido como "o fotógrafo de Mauthausen".

Aos irmáns Díaz Hortas a vitoria franquista empuxounos a exiliarse a Francia, onde por orde do goberno francés foron confinados en campos de acollida. Tras estalar a II Guerra mundial caeron prisioneiros das forzas alemás que invadiron Francia e foron encerrados en "stalags" (campos de prisioneiros de guerra) para pasar despois ao campo de concentración de Mauthausen.

E como consideramos que non é xusto que nunha sociedade democrática non se recoñeza oficialmente a loita e sufrimento das vítimas do fascismo, por obriga ética e política facemos o seguinte rogo, querendo resaltar que no Concello de Outeiro de Rei existen múltiples rúas que levan como nome unha letra do alfabeto.

E por todo iso, polo que facemos o seguinte ROGO:

Que algunha destas rúas leve o nome destes dous irmáns, Aurelio e Victorino Díaz Hortas, naturais de Outeiro de Rei que loitaron contra o franquismo e o nazismo e así saldar unha débeda que en pleno s.XXI non debería existir”.

O Alcalde afirma que nesta lexislatura non se terá en conta este rogo, xa que queda pouco tempo. Este equipo de Goberno non é “pro” nin “anti”, polo que non adoptará medidas polémicas.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as dezaseis horas e corenta minutos da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde